

MARZO 2016

## LINGUA GALEGA

### Texto:

Hoxe, día 15 de outubro, celebramos o Día das Mulleres Rurais, unha data que en Galicia non nos debe deixar indiferentes precisamente pola súa propia idiosincrasia. Se ben é certo que nas últimas décadas moitas persoas e familias ao completo abandonaron os seus pobos e aldeas de orixe para probar fortuna nas zonas urbanas, non é menos certo que o rural segue constituíndo unha parte fundamental da sociedade e mesmo da economía galegas.

E que papel xogan as mulleres rurais en Galicia? Pois, dende sempre, o de muller traballadora na terra e na súa casa, o de nai e coidadora das súas fillas e fillos e persoas maiores e/ou dependentes –cantas mulleres pasaron e pasan meses e meses soas á fronte dos fogares familiares en vilas mariñeiras e viliñas mentres os seus maridos están embarcados ou traballando fóra– e, en ocasións, o de administradora da economía doméstica.

Pero o que podería parecer unha estrutura matriarcal, realmente queda en nada, xa que as mulleres rurais padecen de forma especial o machismo, porque á dominación habitual dos homes se suma a carga de responsabilidades e a invisibilidade das mulleres que viven nas zonas rurais galegas.

Por iso, o empoderamento destas mulleres e as medidas en favor da igualdade que se promovan dende as diferentes administracións deben ser prioritarias, algo que non está a acontecer na actualidade. E estas políticas en prol da igualdade no eido rural deben ter en conta estes factores diferenciais. Porque as mulleres rurais galegas, ademais, foron e son un valor específico e determinante no que é a nosa terra, no que é Galicia.

(Eva Martínez Montero, *Praza Pública*. 15.10.2015)

### Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *aldea*, *papel*, *estar embarcado*, *empoderamento*, *promover* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e indique as ideas principais (2 puntos).
3. Escriba as formas do plural das seguintes palabras: *rural*, *papel*, *culler*, *móbil*, *control*, *mil*, *patriarcal*, *favor*, *mitin*, *orixe* (1 punto).
4. No texto aparece a forma *segue* (l. 5): conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo deste verbo, e a continuación indique outros cinco verbos que se conxuguen da mesma maneira (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).